

Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez
polos camiños de *Alba*

Xosé María Álvarez Cáccamo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (2011 [1995]). “Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez polos camiños de *Alba*”. En *Alba: Hojas de Poesía (edición facsímile)*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 33-43. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/123>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (1995). “Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez polos camiños de *Alba*”. En *Alba: Hojas de Poesía (edición facsímile)*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 33-43.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

EMILIO E XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ POLOS CAMIÑOS DE ALBA

Xosé María Álvarez Cáccamo

A procura dos pasos deixados por Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez nas páxinas da revista *Alba*, unha das primeiras luces do farrapento día de posguerra que colaborou, a carón de *Aturuxo*, *Xistral*, *Posío*, *Mensajes de Poesía* ou o suplemento de *La Noche* entre outras publicacións periódicas da época, a alumear a medoña noite muda, trae, ademais do agasallo da mellor poesía do momento, obra dos poetas do 36 e a inicial de algúns do 50, a evocación nostálxica da cidade, os días e as xentes aquelas tan golpeadas pero tan arrizadamente dispostas a resistir, a proseguir a vida, a reconstruír a palabra. *Alba*, que naceu en A Coruña en 1948, foi viguesa desde o número 4 e instalou as súas oficinas en Marqués de Valladares, a mesma rúa onde vivía Emilio, moi perto do café Suevia, onde se xuntaban para a tertulia da tarde os Álvarez Blázquez, e non moi lonxe do Derby, sede de outra á que acudían os escritores e artistas da cidade e de fóra, entre eles Carlos Maside, Celso Collazo, Laxeiro, Celso Emilio, Lugrís e os Álvarez Blázquez tamén, e da que o Doctor Emilio Soneira, un dos habituais, conserva documentos simpáticos, cadáveres esquisitos, brincadeiras felices. Foi no Derby, á hora do café, onde Urbano Lugrís repartiu mesa por mesa as sardiñas que alguén viña de lle regalar por mor de acorrer á que el chamou a súa “humilde gabarra doméntica”, colléndoas polo rabo e deitando unha por unha a carón das tazas dos clientes mentres anunciaba: “¡Regalo de la casa!”. Días de imprudente disidencia.

No número 5, que polas datas dos libros reseñados –na historia completa da revista poucas veces se sinalan os anos de edición– debe ser de finais de 1950 ou comezos do 51, indícase por vez primeira o que sería domicilio estábel da publicación até o final dos seus días, Gran Vía 322, 2º dta., piso onde vivía e traballaba o seu director –daquela aínda codirector con Otto José Cameselle Barcia–, Ramón González Alegre Bálgora, Moncho, tamén chamado Candil, Vérulo Marqués e Pepe Pérez nas páxinas críticas da revista, de acento personalísimo, ás veces visceral de máis, pero case sempre riguroso, apartado que confeccionaba fundamentalmente o director, en contacto desperto e ben informado co acontecer literario de Galiza e do mundo. No seu despacho de Gran Vía 322 escribiu Moncho unha emotiva “Carta a Celso Emilio desde la madrugada” un domingo de abril de 1956 e desde as xanelas que miraban os campos de As Travesas, Freixeiro e Castrelos, co monte Alba no ábside da paisaxe a facer eco de despedida á revista homónima, [34] morta nese mesmo número, o 16, sentíu o poeta “los primeros zuecos aldeanos en el asfalto de esta barriada populosa donde vivo”. Era o barrio onde residía, dous portais máis abaixo, o seu amigo e colaborador frecuente de *Alba*, Xosé María Álvarez Blázquez. En Gran Vía 326, 5º dta. escribíronse case todos os poemas e artigos de Xosé María que, porta con

porta, pasaron á casa de Moncho e ás páxinas da revista. Alí naceu en 1948 Colorín, a filla a quen dedicou o poeta *Roseira do teu mencer*, outra primeira luz de alba, da que o seu autor deu no número 4 dúas primicias ilusionadas, os poemas “Mencer” e “Arrolo”. E alí mesmo, dous anos máis tarde, naceu tamén quen agora tenta evocar, ousado, aqueles días nostáxicos dos que non pode ter conciencia plena.

Algo difusa talvez pero coa forza indiscutíbel da emoción infantil é, si, a conciencia da miña imaxe de Moncho, unha escena repetida na que o amigo do meu pai, de quen conservo latexante na memoria a voz cálida, grosa e fonda, que baixaba pola beirarrúa en dirección á Praza de América, se achega a min e, despois de bicarme, pregunta se gusto do circo. O Circo Viena, paredes de táboa azul en lugar de lona, pista de xeo e xigante carpa que desprega o seu prodixio de cúpulas inmensas en poucos minutos, está instalado fronte á miña casa, no campo do Instituto “Santa Irene”. Moncho quere que eu escriba sobre o circo. Sabe que xa me teño iniciado con algún inocente xogo de rimas elementais, algunha imitación destemida do labor dos meus maiores. “Tes que escribir sobre o circo. É un mundo marabilloso”. Nunca lle cumprín a promesa.

Do que non podía eu daquela ter conciencia era do traballo e da dedicación de Moncho González Alegre: a súa obra poética, que precisa de amoroso estudo e lectura pois é obra de alta ambición e importantes resultados, e o seu labor á fronte da revista *Alba*, publicación que chegou a min, obviamente, moitos anos máis tarde. Tampouco eu non podía saber que o meu tío e padriño Emilio Álvarez Blázquez, “un lírico purísimo, cuya decisión poética parece tardar”, en palabras de González Alegre que forman parte da devandita carta a Ferreira, puña entón a súa delicada e preciosa voz de poeta nas páxinas desta revista.

No número 2, aínda coruñés, expresa o autor de *O tempo desancorado*, coas súas áncoras no fondeo da evocación aldeana, a compaixón polos camiños que non van a ningures porque “se perdieron a si mismos, el día / [35] que les nació la hierba de la melancolía”. Alén de machadianos e íntimamente leves e posmodernistas, estes “Caminos” de Emilio son ronsel vivo do paraíso rural, a dourada nenez de Tui e Baión, vila e aldea que testemuñaron os seus pasos infantís, a humilde beleza do carreiro anónimo, o mesmo “Camiño branco” que en *Poemas de ti e de min* cruza o val para ir ver o mar. A amizade de Emilio cos camiños convertiuse en profesión, non só de fe, senón mesmo con documento de titularidade outorgado polo “Centro de Hijos de Vigo”, no que se lle nomea “Peón Caminero” en recoñecemento da súa entrega a ese noble oficio, soñado en palabras de poeta. Porque no ano 1963 publicaba o poeta un delicioso *Romance del peón caminero* (“Yo hubiera querido ser, / ya ves, peón caminero...”), escrito vinte anos antes, cuxa recitación polo autor era liturxia obrigada en toda festa na que el estivese presente. De aí o título que tan orgullosamente ostentou o autor destes “Camiños” aparecidos en *Alba 2*.

O seu irmán Xosé María, algúns anos máis tarde, refrendará aquela vocación familiar de camiñantes pola ruta da nenez leve e descuidada, o “camiño branco e silandeiro” dun poema incluído en *Canle segredo*. Os dous poetas, cando nenos, deberon ter percorrido xuntos algunha senda de transparente brancura através das fragas de Baión, se non é a inxel frecha simbólica da aventura sen destino nin horario. O caso é que eu, transitando agora as vías saudosas dos seus poemas, recobro as figuras de Emilio e Xosé María, de caxato na man, a saír pola cancela da nosa casa de Coruxo, camiño arriba entre as leiras de millo a percorrer sen presa as calellas da aldea, tarde longa de xullo ou agosto, poñamos alá polos anos 60, con tanto tempo por diante aínda os poetas.

No número 6 de *Alba* Emilio Álvarez Blázquez pinta en castelán dúas acuarelas descritivas, dúas paisaxes neopopularistas, con certo ar de Amado Carballo o poema titulado “Rocío”⁴⁴ e algunha lembranza de juanramoniana coloración monocroma o que se chama “Campo”. Ambos textos, sen atinxir nivel de grandes produtos líricos, aportan, por riba das débedas de escola, aquel estilo singular de Emilio, aquela predisposición para entender a vida co instrumento sensitivo da tenrura e certo dorido senso do humor moi sutil e moi especialmente seu. Hai algo de greguería transcendente nesta correspondencia máxica: “Cuando beben las vacas / llueve el primer rocío”. Pero moita máis maxia e tenrura, convida elegancia, serenísimo humor e ferida queixa [36] estoica, graza intelixente e algúns outros marcados acentos persoais ten o breve corpus poético de Emilio, todo el completo en só dous libros, *Poemas de ti e de min* (1949) e *O tempo desancorado* (1988).

Os tres únicos poemas da súa autoría aparecidos en *Alba*, os tres en castelán, acaso ían formar parte dun libro anunciado por Salvador Lorenzana na ficha bibliográfica que acompaña á edición de *Poemas de ti e de min*. Titulábase *Poemas de amor ingenuo* e ficou en inxenuo soño ao que non se lle abriron as portas da realidade. Difícil foi tamén no seu momento convencer a Emilio da necesidade que tiñamos os coñecedores da súa sabiduría poética de ver publicados os seus *Poemas para María Blázquez*, envío que foi logo subtítulo do definitivo, tremendo, fermoso e dorido *O tempo desancorado*, un dos poemarios máis conmovedores da lírica nosa. Pudor, vagar de ritmo despreocupado ou, pola contra, trafegos da vida desacougante, esixencias de autocrítica, son talvez as causas que foron adiando ano tras ano a publicación destes derradeiros poemas. Tivemos sorte os lectores das prosas ocasionais de Emilio, superadoras da funcionalidade do encargo por graza de alta dición, prólogos, epílogos –como o saudoso e triste, perfecto “Epílogo de familia, máis un verso” con que se fecha a edición da *Poesía Galega Completa* do seu irmán Xosé María, conferencias e artigos, conxunto que cómpre agrupar nun volume. Seica anda o profesor Alonso Montero, dedicado amigo de Emilio e bo coñecedor da súa obra, a voltas con ese traballo, que constituiría unha merecida homenaxe.

En *Alba* 15 (febreiro 1956) asina Ronsel –seudónimo que Emilio Álvarez Blázquez ten utilizado en outras ocasións– unha nota escrita en clave de humor sarcástico, con base no refrán que constata a primacia do ruído sobre as noces, arredor da calidade da creación literaria do momento. O texto serve de presentación para unha “Lista General” de libros galegos publicados “ultimamente”, dos que non se aportan datas nin datos editoriais. A lista inclúe tamén a produción en castelán de autores nados en Galiza, que foi norma da revista –como o é aínda hoxe da maior parte dos medios de comunicación– a indefinición das fronteiras que caracterizan ás diferentes literaturas nacionais, cuxos lindes veñen decididas polo uso da lingua propia do país.

A presenza activa (a pasiva, constituída polas referencias ao seu traballo literario en reseñas, virá [37] despois) de Emilio conclúe aquí. A de Xosé María iníciase no número 4 con dous poemas que aparecen emparellados baixo o título de “Poemas para miña nena”. A nena é Colorín. Os poemas formarán parte, pouco tempo despois da súa aparición na revista, do libro *Roseira do teu mencer*, publicado con colofón de Nadal do 1950. O poeta seleccionou do conxunto das cancións dedicadas á nena a invitación ao gozo do día que se abre no poema “Mencer” e a cantiga de berce para fechar os ollos de Colorín co “Arrolo” coidadosamente medoño, como mandan os modelos do xénero. Este “Arrolo”, que non leva título –como non o leva ningún poema do libro– cando entra en *Roseira do teu mencer*, fecha tamén o volume, como quen clausura a xornada e a canción porque

“...xa durmen / o galo i-a galiña”. Así que Xosé María puxo en *Alba* as horas primeiras e as últimas dun día seu e da súa nena, en músicas de garimosa andadura cantábel e lixeira pero ben resolta proposta estilística, dúas mostras de boa poesía infantil, xénero, por certo, moi pouco practicado entre nós. O marco polo que van amparados ambos textos na revista non pode ter mellor calidade: o extraordinario “Penélope” de Díaz Castro na páxina anterior e, na seguinte, “Tres sonetos” de Fernando Cadaval, ou sexa Ricardo Carvalho Calero en castelán.

Para o número 5 enviou Xosé María unhas [38] “Notas de pelerinaxe”, nove apuntamentos líricos con ritmo de copla que van relatando a viaxe do romeiro poeta de Vigo a Compostela, lenta andaina ferroviaria, menos transcendente sen dúbida que a que, case corenta anos máis tarde, emprendería Xavier Rodríguez Baixeras no soberbio comboio épico-lírico chamado *A gándara da noite*. Digo que é camiño de ferro o fío tendido polas nove estrofas deste poema porque o seu deseño percorre o arredor do mapa das rías, como antes e agora fai o serpexante vehículo romeiro de Vigo a Santiago, desprezando a liña recta. Así fai o poeta, que non acepta o vello axioma da liña recta como segmento máis breve entre dous puntos. Xosé María, peregrino no tren vagaroso dos 50, ondea o seu verso para retratar a illa de San Simón, louvar logo a Pontevedra de Paio Gómes Chairó e mesmo apearese na cidade das súas nostalxias xuvenís. Canta despois os namoros de mar e río no ámbito fronteirizo que as Torres do Oeste sinalan como paraíso e homenaxe a Rosalía en Padrón, a flor antiga do seu propio espírito viaxeiro en Iria Flavia, a saudade feminina de Escravitude, os símbolos do tempo paradóxico no Milladoiro e, ao final, o centro da Terra, Compostela. Estas notas de viaxe son exercicios de man, rápidos bosquexos de ledicia súbita e ollada impresionista, con algún brochazo caricaturesco e irreverente como a brincadeira festiva con que resposta o poeta ao saúdo solemne das Cies: “Coma tres irmás chepiñas / postas de costas ao mar / fánme reverencia as Illas”. Anos despois, en 1954, publicou Xosé María Álvarez Blázquez en folla solta o seu *Romance de pescador peleriño*, crónica íntima da vocación romeira que se apuntara nas “Notas de pelerinaxe”, agora cun mariñeiro fantástico, corazón de Infante Arnaldos como protagonista e vías de espuma en lugar de camiños de ferro para subir Galiza arriba cara a Compostela.

Pero o máis sorprendente da participación de Xosé María Álvarez Blázquez como poeta na revista *Alba* son os “Cuatro Sonetos”, en castelán, que figuran no número 9, este si datado, do ano 1952. Sorprenderán ao lector que non coñeza a súa obra poética en español, constituída por varios libros inéditos, entre os que sobrancea *Sonetos del alba insomne*, conxunto de poemas escritos na súa maior parte entre 1955 e 1960, con algunhas excepcións, como este “Barro” de *Alba*, datado no manuscrito en Vigo o 19 de xuño de 1943 e que posteriormente foi incorporado ao devandito volume da insomnia tensa e lúcida. “El desierto”, “Barro”, “Invitación a Urbano LUGRÍS” e “Toro de Doña Elvira” son as catro mostras aparecidas en *Alba* da versátil facilidade do autor de *Canle Segredo* para a labranza do soneto.

A exótica moblaxe de “El desierto” pode vir do modernismo pero a dición grave e a imaxinería intelectual, esa suxestiva lectura da natureza en clave semiótica, conforman un discurso de atractivo estilo propio. O poema é borxiano por azar da necesidade profundadora e coincidencia nunha escrita que persegue certa vibrante exactitude. Cónstame que a esas alturas da vida Xosé María non lera aínda o autor de *Luna de enfrente*, pero tamén sei da súa vocación de intérprete da realidade natural e humana através dunha lente mixta de poeta e antropólogo, como se pode comprobar no seu libro inédito de ensaios *O*

home a vista de páxaro. En “El desierto” ensaia a interpretación do ermo inacabábel como “desolado pergamino” sobre o que escriben a súa ruta de liberdade –outro camiño de pelerinaxe– homes e feras: “Sus pasos tejen esa letra oscura / que, a fuerza de ser débil escritura, / hace más insondable su secreto.” A composición formaba parte dun conxunto de sonetos escritos entre 1937 e 1939, mentres Xosé María, soldado e enfermeiro no Hospital de San Caetano de Santiago, ía aturando o tránsito do seu deserto persoal, a parcela de dor que lle tocou sufrir na guerra. O libro titulábase *Reloj de arena (Sonetos de la Naturaleza y el Hombre)* e agrupaba poemas que entendían os elementos naturais como signos dun texto transcendente. “El desierto” foi escrito o día 11 de xuño de 1937.

Daquelas ermanzas e feridas, sumadas a novos desacougos da vida difícil, viñéronlle a Xosé María as bátegas da insomnias que o mantiveron a pé de mesa e afirmando a vela da pluma na man noite a noite durante anos. ¡Qué feliz, de todos xeitos, agora, a evocación da imaxe dos dous amigos, Ramón González Alegre e Xosé María Álvarez Blázquez, a escasos cen metros de distancia, fronte ao sul do arrabaldo e dos campos, sentindo pasar a noite a [39] subir desde o río Lagares, desde detrás do pano do monte Galiñeiro, as primeiras luces da alba! Da Alba insomne, da Alba desperta, poemas e revista de nome idéntico, non por casualidade senón por razóns xémeas de vixilia inevitábel. Dille Moncho a Celso Emilio na carta de abril do 56: “No he podido dormir, sintiendo el monótono arroyo de la sangre.” E Xosé María, o 18 de decembro do mesmo ano, escribe: “Toda la noche se quebró en latidos / el río de mis venas en las sienas. / Noche transida de lejanos trenes, / poblada de palabras y vagidos.” De palabras graves e lúdicos rumores –palíndromos e reviravoltas de onomancia– foi poboando Xosé María aquelas noites en branco. O mellor resultado da súa loita contra a inaturábel espera do amanecer foi *Sonetos del alba insomne*, un total de trinta e tres rexos poemas que se anunciou para ser publicado na colección Mogor de Edicións Castrelos pero nunca atinxiu a luz¹. Pola canle esixente do soneto foron chegando as evocacións feridas (a imaxe do pai asasinado no 36: “Padre mío, tu frente atormentada / me arde en las manos puras del recuerdo / ahora que estoy soñándote y te pierdo / por los rincones de la madrugada”), a ofrenda da ledicia compartida, a homenaxe de amor a María Luisa Cáccamo Frieben, a súa muller (“... una palabra frágil y delgada, / que me deja la voz enamorada / al decirme en silencio que eres mía”), o retrato humano da vida diaria e familiar que tan clara e participativa expresión alcanza en *Canle segredo*, o seu mellor libro. Ou a conversa, tamén íntima e calada, que o poeta mantén coa arxila no soneto “Barro” de *Alba* 9, escrito coa fala do rigor clasicista da posguerra –ao fondo Miguel Hernández– pero desde a experiencia viva de quen, por aqueles días de 1943, data da escrita do poema, andaba a voltas coas materias da terra, co barro de Nigrán, onde os irmáns Álvarez Blázquez dirixían unha fábrica de tixolos e tellas. Razón pola que Xosé María se sente con dereito para segredarlle á irmá arxila: “Sangra el costado tuyo, y por la herida / tu antiguo corazón mi mano extrajo, / pues quiero, con mi esfuerzo y mi trabajo / darte el joven aliento de mi vida”.

Alento distendido, folgo de lecer fraterno é o que respira a “invitación a Urbano Lurgís”, o colosal personaxe hoxe lendario, entón presenza intensa, provocadora e divertida, en rúas e tabernas e tertulias de Vigo e A Coruña, ilustrador de poetas, poeta fino e culto el mesmo, épico Ulises Fingal, e, sobre todo, creador de orixinais mundos plásticos, oní-

¹ No momento da escrita deste artigo aínda non se publicara *Sonetos del alba insomne*, editado polo Instituto de Estudios Vigueses en 1995.

ricos e míticos, dun surreal barroquismo soñador e máxico. Urbano Lugrís, que tentou mercar en “Tobaris” de Vigo “veinte mil gaitas galaicas de ritmo trocaico” coa escusa de utilizalas en África para converter os indíxenas ao [40] cristianismo por engado da música, que ofreceu pan con chicolate aos convidados á inauguración, moi formal, dunha mostra pictórica súa en Madrid e percorreu as rúas desa cidade disfrazado de emperador oriental, protagonista dun acto incansábel de creación dadá, lenda viva de anécdota feliz ou desesperada, é invitado por Xosé María neste poema, unha amistosa brincadeira que non conseguín datar pero que debe ser próxima á súa publicación en *Alba*, a miniar “un soneto al vino / con catorce colores bacanales”. A composición constitúe unha proba, non das mellores, da faceta festiva do autor, quen deixou uns *Epigramas de Pepe do Rollo* –parcialmente reproducidos na súa *Poesía Galega Completa*, 1978– e un feixe de simpáticos poemas paródicos en castelán.

O derradeiro dos catro sonetos que figuran en *Alba* 9 é “Toro de Doña Elvira” –datado no manuscrito en Vigo, 9 de marzo de 1944–, unha rara concesión á moda grandilocuente da poesía castelanista da época, pouco axeitada á fala cálida de Xosé María Álvarez Blázquez. Son versos alexandrinos, de boa construción e fluída feita musical, pero de tonalidade friamente solemne, “berroqueña”, se se me permite facer unha graza cunha das palabras-testemuña daquela estética, vocábulo co que fecha o poema o seu autor.

Nas antípodas da pétrea decoración neoclásica sitúase o edificio aéreo, a confesión da íntima dor terrestre, o declarado amor inevitábel pola terra propia –que Castela foi durante varios anos da inmediata posguerra teatro de exilio para o poeta, “triste viajero” en Toro de Doña Elvira– que vibra no poema “Saudade”, coa recitación do cal Xosé María Álvarez Blázquez conclúe as palabras dirixidas diante da casa de Rosalía aos asistentes ao “III Congreso Internacional de la Poesía a la Poesía”, celebrado en Galiza durante o mes de xullo de 1954, e que se reproducen no número 14 de *Alba* (setembro-outubro 1954). O poema forma parte de *Canle segredo* e o poeta sentíuse obrigado a lelo diante dos congresistas porque, revelada ante eles con leda ironía a existencia real da autora de *Follas Novas*, quixo expresar a “terrible saudade” que consumiu a súa vida. Pensando nela, confesa Xosé María, escribiu o poema, onde sentimos outravolta o tránsito dos camiños que van a ningures, “vieiros sin termo para o esprito / [41] esligante da terra non andaba”, e o anxeio de luz e a anguria de raíz e o cravo da saudade que non se debe arrincar pois é fundamento da existencia.

Con espírito non saudoso senón, pola contra, en uso do seu oficio de “xentil deportista das glorias do mito”, como lle chama Otero Pedrayo nun poema epistolar escrito en Trasalba no ano 1964, o autor de “Saudade” enceta o seu discurso avisando aos congresistas da presenza en terras de Galiza de “dos grandes mitómanos, barbado el uno, gigantesco el otro”, os inseparabeis José María Castroviejo e Álvaro Cunqueiro, que “son poetas por natural destino y no vicio”. Xogando a desmitificar aquelas construcións lendarias, Xosé María, con xentil pinchacarneiro do discurso, afirma que os supostos mitos sustentadores do ser de Galiza son historia verdadeira. Como historia verdadeira é, mal que nos pese, Rosalía, de quen “un día supimos con tremendo dolor que /... / existió de verdad”.

Labor de desmitificación é, claro, o produto do esforzo estudioso, do que Xosé María Álvarez Blázquez ten dado ao longo da súa vida úbedas mostras, tanto no campo da Literatura como da Arqueoloxía, a Antropoloxía e a Historia. Unha delas foi a descuberta e a atribución a Nicomedes Pastor Díaz da *Egloga de Belmiro e Benigno*, para cuxa edición crítica aportou unhas notas en *Cuadernos de Estudios Gallegos* en 1963. En 1951 publicara

en Monterrey –editorial de dirección compartida entre el mesmo e Luís Viñas Cortegoso– os poemas galegos de Nicomedes Pastor Díaz, acompañados de limiar e notas. No número 15 de *Alba*, febreiro de 1956, colabora cun traballo titulado “El romanticismo gallego en Nicomedes Pastor Díaz”, onde procura o influxo do autor da *Alborada* en poetas como Curros, Rosalía, Pondal, Alberto Camino e Francisco Añón.

Até aquí as figuras de camiñantes poetas –con algunha excursión polos vieiros da prosa celebrativa e crítica– dos irmáns Álvarez Blázquez en *Alba*. Pero da súa actividade literaria, dos seus pasos como escritores polas bisbarras da Literatura, segue a dar novas a revista en reseñas puntuais e comentarios valorativos. Así, por unha nota sen sinatura aparecida no número 4, sabemos que a colección Benito Soto de Pontevedra publica en 1949 o libro *Poemas de ti e de min*, que foi casa con dúas portas opostas, cabeza arriba unha cando a outra fica cabeza abaixo, un volume só e un título único para dous libros, o de Emilio e o de Xosé María, irmáns poetas que se reúnen no centro da residencia lírica, presidida por senllos retratos de Sesto e un limiar paradóxicamente interior de Salvador Lorenzana. Que a reseña debe ser de González [42] Alegre indícanolo a valoración da claridade expresiva dos poemas, algo digno de louvanza en tempos en que, segundo o director de *Alba*, “se escriben versos con fusil, alambicados y estúpidos, que descubren la cortina de la más absoluta falta de inspiración”. Porque Moncho manifestouse através das páxinas de *Alba* doente inimigo de todo verbalismo e adoitou despregar o feixe luminoso da súa ira contra escuros e herméticos. En ocasións as súas teimas persoais o arrastran a unha desvaloración inxusta, como cando, no número 6, condena sen eximentes a concesión de flor natural “a un poema del señor Novás, de Pontevedra”, na “Fiesta Gallega de las Letras” celebrada en Barcelona en xuño de 1950 e, pillabán de máis, tenta demostrar a gratuidade do texto, o poema “Mar maior”, que logo formou parte do *Fabulario Novo*, por medio da inversión da orde dos versos, “que lo mismo pueden leerse por detrás que por delante, al derecho y al revés...” Pero, á marxe de certos ardimentos paixonais, a actitude crítica de González Alegre é síntoma dunha postura forte e independente, desas que non abundan entre os críticos literarios de hoxe.

Cando en *Alba* 6 aplaude a limpeza e humanidade de *Roseira do teu mencer*, aproveita o crítico a ocasión para arremeter contra as “argucias intelectualistas /.../ que dominan en nuestro desolado panorama”, que, por certo, para González Alegre era sobre todo o panorama da poesía española e non tanto o da galega, que apreciaba pola súa fonda cordialidade comunicativa.

Alba 10 rexistra a publicación da novela de Xosé María Álvarez Blázquez –José María, cando escritor en castelán– *Una cabaña en el cielo*, do ano 1952. Asina a nota Luís Santamaría, a quen se lle encargaban habitualmente as reseñas de textos narrativos. Destaca o crítico o senso do humor e a axilidade do estilo dunha novela que considera escrita ao xeito clásico.

González Alegre avisa no número 13 da publicación de *Escolma de Poesía Galega. Escola Medieval Galego-Portuguesa*, da autoría de Xosé María, por Galaxia no ano 1953, e ditamina, con sentenza cuxo obrigado cumprimento segue vixente hoxe, que “ningún poeta gallego podrá nunca alejarse de los cancioneros y de los caminos que recorren su espíritu”. *Las estatuas no hablan*, do ano 1955, é novela do autor da Escolma que se reseña en *Alba* 16 (abril-maio 1956) sen sinatura e da que se destaca o retrato crítico do mundo dos “capitanes de industria, los especuladores y las [43] gentes obsesionadas por la ansiedad suprema del dinero”. Moi actual, ¿non si?

No apartado “Miscelánea” do número 14 (setembro-outubro 1954) dáse noticia do premio concedido polo “Centro Gallego de Buenos Aires” a *Canle segredo*, libro no que Méndez Ferrín coidou “cifrada a totalidade do estilo de Álvarez Blázquez erudito, romancista, xornalista, poeta” porque –continúa o escritor– “todos estes estilos se refiren a un só, o estilo de vida, modelo de personalidade e modelo social”.

E engado eu que unha das claves do estilo de vida de Xosé María Álvarez Blázquez foi certa xenerosa despreocupación á hora de valorar a importancia da obra creativa propia, razón da demora na publicación desa canle que permaneceu secreta durante vinte dous anos, até que, por fin, en 1976 e na súa propia editorial, Castrelos, apareceu precedida por unha confesión do autor que aclara o longo silencio e a raíz emotiva do impulso que o decidiu a dalo a luz: “Un día destes atopeime coa carpeta de *Canle segredo*. Relín os versos e gocei con eles unha hora de paz, como si de súpeto petase á miña porta un vello amigo, esquecido no tempo e no corazón, para proseguirmos xuntos unha conversa interrompida”.

Varias horas de paz gocei eu nestes días do inverno de 1995, cando se van cumprir dez anos de conversa interrompida co meu pai Xosé María e sete desde a derradeira que mantiven co meu tío Emilio, mentres, amorosamente abrazado aos pasos dos dous poetas meus polos camiños de *Alba*, non era quen de mirar de lonxe, con suficiente distancia de anteollo crítico, as súas paixóns e ledicias e tristuras, esa canle secreta do tempo desancorado que viviron, que viven.